



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Traballo de Fin de  
Máster

**Análise da viabilidade  
económico-financeira  
e da capacidade de  
creación de valor dun  
proxecto de enerxía  
eólica offshore en  
Galicia**

Víctor M. Méndez Figueroa

Titor: Ángel Santiago  
Fernández Castro

**Máster Universitario en Banca e Finanzas**

Curso 2021/2022

*Á miña familia, por estar sempre ao meu lado e axudarme a medrar como persoa, e á miña facultade, por axudarme a seguir crescendo como profesional.*

## Resumo

No presente *Traballo de Fin de Máster* darei unha visión xeral da situación das enerxías renovables na actualidade e, en concreto, da eólica mariña no mundo e en Galicia. Ao longo do mesmo barallarei os pros e contras deste tipo de enerxía, así como o seu potencial no contexto crucial actual da evolución da Humanidade co reto enerxético e xeopolítico no horizonte.

As enerxías renovables supoñen unha aposta necesaria e inevitable no progreso social actual e, nese senso, estase a legislar no marco da Unión Europea na fixación de obxectivos a medio e longo prazo. Isto evita que a dependencia das enerxías fósiles favorezan conflitos políticos e territoriais de alcances inesperados e que fan medrar unha incerteza que pouco axuda ao crecemento económico.

Galicia, xeográficamente moi ben situada e con moitos quilómetros de costa, será o meu punto de partida para xustificar un investimento importante nun parque eólico destas características e que, combinando lexislación europea, estatal, autonómica máis vontade política e do sector privado pode supoñer un antes e un despois no comezo da economía verde no noso país. Coa análise da viabilidade económico-financeira do proxecto explicarei de xeito fundamentado que a rendibilidade é factible e a creación de valor indiscutible.

**Palabras clave:** enerxías renovables – parques eólicos mariños – eólica offshore – viabilidade económico-financeira – avaliación ambiental estratéxica.

**Número de palabras:** 8.628

## Abstract

In the present "*Traballo de Fin de Máster*" I will give an overview of the current situation of renewable energy and, in particular, of the offshore wind farms in the world and in Galicia. Throughout it, I will discuss the pros and cons of this type of energy, as well as its potential in the current crucial context of Humanity's evolution with the energy and geopolitical challenge on the horizon.

The renewable energies are a necessary and inevitable bet on the current social progress and, in this sense, legislation is being set in the framework of the European Union in medium and long-term goals. This prevents dependence on fossil fuels from favoring political and territorial conflicts of unexpected scope and growing uncertainty that does little to help economic growth.

Galicia, geographically very well located with many kilometers of coastline, will be my starting point to justify a major investment in wind farms of this nature and, combining European, national and regional legislation plus political will and private sector interest can mean the beginning of the green economy in our country. With the analysis of the economic and financial viability of this project I will explain in a substantiated way that the profitability is feasible and the creation of value indisputable.

**Keywords:** renewable energies - offshore wind farms - offshore wind - economic-financial viability - strategic environmental assessment.

# Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>11</b>
<b>2. Galicia e o panorama enerxético .....</b>	<b>13</b>
2.1. Indicadores económicos e sociais de Galicia.....	13
2.2. O entorno da enerxía no mundo .....	15
2.3. A enerxía eólica mariña en Europa e España.....	19
2.4. A posición de vantaxe xeográfica de Galicia.....	21
2.4.1. O caso <i>offshore</i> en Galicia .....	23
2.5. Marco normativo da enerxía eólica en Galicia e en España.....	25
2.5.1. Contexto europeo.....	25
2.5.2. Contexto español .....	27
2.5.3. Procedemento administrativo vixente na actualidade .....	28
<b>3. O <i>Project finance</i>.....</b>	<b>30</b>
3.1. A viabilidade do <i>Project finance</i> .....	31
3.2. Etapas do <i>Project finance</i> . .....	33
3.3. Deseño da estrutura do <i>Project finance</i> .....	35
3.4. Peche financeiro do <i>Project finance</i> .....	36
3.5. Análise de sensibilidade e seguemento do <i>Project finance</i> .....	37
<b>4. Modelo I: Investimento e explotación .....</b>	<b>38</b>
4.1. Supostos de partida: a localización.....	38
4.2. Supostos de partida: a tecnoloxía escollida .....	40
4.3. Supostos de partida: os investimentos iniciais.....	41
4.4. Supostos de partida: a determinación dos prezos .....	45
4.5. Supostos de partida: a estimación dos ingresos.....	46
<b>5. Modelo II: Financiamento e Proxección de estados financeiros.....</b>	<b>50</b>
5.1. O Auxiliar de inmovilizado ( <i>ver Anexo I</i> ) .....	50
5.2. A amortización do inmovilizado.....	50
5.3. O Auxiliar do financiamento ( <i>ver Anexo II</i> ).....	51
5.4. O financiamento .....	51
5.5. O Auxiliar fiscal ( <i>ver Anexo III</i> ).....	52
5.6. O Auxiliar de dividendo .....	53
5.7. O Cadro de Recursos Xerados ( <i>ver Anexo IV</i> ) .....	53
5.8. O Cadro de Necesidades de Capital Corrente ( <i>ver Anexo V</i> ).....	54

5.9. O Orzamento de Capital ( <i>ver Anexo VI</i> ).....	54
<b>6. Modelo III: Viabilidade, efectuabilidade e risco.....</b>	<b>55</b>
6.1. O Orzamento de Tesourería ( <i>ver Anexo VII</i> ) .....	55
6.2. Os Balances previsionais ( <i>ver Anexo IX</i> ) .....	56
6.3. Efectuabilidade .....	56
<b>7. Conclusións.....</b>	<b>60</b>
<b>8. Anexos .....</b>	<b>62</b>
Anexo I: O Auxiliar de inmovilizado.....	62
Anexo II: O Auxiliar do financiamento .....	63
Anexo III: O Auxiliar fiscal .....	65
Anexo IV: O Cadro de Recursos Xerados.....	66
Anexo V: O Cadro de Necesidades de Capital Corrente .....	66
Anexo VI: O Orzamento de Capital .....	67
Anexo VII: O Orzamento de Tesourería.....	68
Anexo VIII: Os fluxos de caixa .....	70
Anexo IX: Os Balances previsionais .....	71
<b>9. Bibliografía.....</b>	<b>72</b>

# Índice de figuras

Figura 1. Un parque offshore .....	12
Figura 2. Rexións europeas segundo o potencial innovador .....	14
Figura 3. A demanda de electricidade recupera niveis anteriores á COVID mais dispárase en Asia.....	16
Figura 4. Que se debe facer para chegar a 1,5°C? .....	17
Figura 5. Xeración de electricidade a nivel mundial.....	18
Figura 6. Participación da enerxía eólica na matriz enerxética.....	18
Figura 7. As ambicións de España e da UE no horizonte.....	19
Figura 8. A superficie terrestre vs a superficie mariña .....	19
Figura 9. Enerxías renovables mariñas vs Enerxías renovables en terra firme no mundo .....	20
Figura 10. Parques eólicos mariños instalados por capacidade acumulada (GW) en Europa .....	20
Figura 11. Parques eólicos mariños instalados en Europa.....	21
Figura 12. Evolución anual e acumulada da potencia instalada en España.....	22
Figura 13. Os parques eólicos en Galicia .....	22
Figura 14. Ranking de potencia instalada en España.....	23
Figura 15. Un parque offshore flotante .....	23
Figura 16. Áreas restrinxidas vs áreas non restrinxidas .....	25
Figura 17. Demarcacións mariñas en España .....	27
Figura 18. Procedimento ordinario vixente de tramitación e instalación de renovables mariñas de potencia superior a 50MW .....	29
Figura 19. Esquema dos parámetros básicos do Project Finance.....	32

Figura 20. Esquema do modelo económico do Project Finance.....	33
Figura 21. Etapas do Project Finance típico .....	33
Figura 22. A potencia do vento na área escollida .....	38
Figura 23. Áreas eólicas mariñas en España .....	38
Figura 24. Traslado de plataforma desde Ferrol a Viana do Castelo .....	39
Figura 25. A localización escollida .....	39
Figura 26. A localización escollida, II .....	40
Figura 27. O sistema fixo vs o sistema flotante .....	40
Figura 28. Anatomía do parque offshore .....	42
Figura 29. A evolución do prezo (€/MWh) no horizonte temporal do proxecto .....	46
Figura 30. Proxección de ingresos brutos no horizonte temporal do proxecto .....	49
Figura 31. Cálculo do CCMP coa achega inicial dos accionistas .....	58
Figura 32. Cálculo do CCMP usando o valor de mercado das accións.....	58
Figura 33. Simulación do parque eólico mariño desde o Parque da Torre (A Coruña) I .....	60
Figura 34. Simulación do parque eólico mariño desde o Parque da Torre (A Coruña) II .....	61



# Índice de táboas

Táboa 1. O investimento inicial: mobiliario.....	41
Táboa 2. O investimento inicial: equipos e aplicacións informáticas .....	41
Táboa 3. Desglose do investimento .....	42
Táboa 4. Datos xerais dos muíños .....	42
Táboa 5. Desglose custo turbinas + transporte + instalación .....	43
Táboa 6. Desglose custo plataformas + transporte + instalación .....	43
Táboa 7. Desglose custo ancoraxe + transporte + instalación .....	43
Táboa 8: Desglose custo almacenamento + transporte enerxía + instalación .....	43
Táboa 9: Desglose custo estudos previos + man de obra + mantemento.....	44
Táboa 10: Desglose custos investimento inicial e características do financiamento....	44
Táboa 11: Histórico de prezos (€/MWh) da última década en España.....	45
Táboa 12: Estimación de prezos no horizonte temporal.....	45
Táboa 13: Estimación de prezos no horizonte temporal, II.....	46
Táboa 14: Produción da enerxía (MWh/ano) .....	47
Táboa 15: Produción de enerxía (MWh/ano) vs prezos no horizonte temporal.....	48
Táboa 16: Estimación de ingresos brutos no horizonte temporal.....	48
Táboa 17: A estratexia de capital máis cadros de amortización técnica .....	50
Táboa 18: O cadro de amortización do inmovilizado.....	50
Táboa 19: A estratexia de capital.....	51
Táboa 20: O cadro de financiamento.....	52
Táboa 21: O cadro de impostos.....	52
Táboa 22: O cadro da auxiliar de dividendos.....	53
Táboa 23: O cadro de Recursos Xerados.....	53

Táboa 24: O cadro das Necesidades de Capital .....	54
Táboa 25: O cadro do Orzamento de Capital .....	54
Táboa 26: O cadro do Orzamento de Tesourería .....	55
Táboa 27: O cadro dos Fluxos de Caixa.....	55
Táboa 28: Os Balances previsionais.....	56
Táboa 29: O FCD.....	56
Táboa 30: O FCA.....	57
Táboa 31: O FCL .....	57/58
Táboa 32: A efectibilidade – VAN .....	59

# 1. Introducción

Galicia, situada no noroeste da Península Ibérica, constitúese como comunidade autónoma española e conta con goberno de seu para a administración da vida dos seus cidadáns polo que pode legislar, aliñada coas demais leis estatais e europeas, no pulo das enerxías renovables (Comisión Europea, 2021).

Cunha superficie de 29.574 km<sup>2</sup> e 2.695.645 habitantes no 2021, é a quinta rexión en termos de poboación que contribúe cun 5,69% ao total do Estado español. A maior carga demográfica sitúase na zona costeira occidental. O tecido empresarial e industrial de maior peso sitúase, do mesmo xeito, nas provincias da Coruña e de Pontevedra e componse, principalmente, por PEMES adicadas ao sector servizos. En termos de I + D + i, Galicia é das rexións máis innovadoras do Estado (IGE, 2022).

No contexto actual de inestabilidade xeopolítica, sen aínda ter superado completamente a pandemia da COVID, e cos prezos da enerxía superando cotas nunca antes vistas, temos nas enerxías renovables unha solución case obrigatoria para dar saída ao **problema** que supón a enerxía na segunda década do século XXI.

Como **obxectivo xeral** do presente traballo barallarei a viabilidade e capacidade para xerar valor para os accionistas do proxecto e, como **obxectivos específicos**, propóñome contextualizar o investimento en Galicia e, no marco preciso da eólica *offshore*, estimar ingresos e custos do proxecto e definir as estratexias de capital, financeiras e a curto prazo, determinando taxas e tipos de desconto.

No referente á **xustificación** do proxecto, esta é conseguir dilucidar todas as peculiaridades da posta en marcha dunha planta de xeración de enerxía eólica na modalidade *offshore* facendo uso dunha sociedade instrumental creada para ese fin; incidindo no procedemento de investimento inicial e nos datos obtidos pola explotación durante o horizonte temporal de vinte e cinco anos. Todo isto combinado coa casuística legal e fiscal particular da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a do Goberno de España e mesmo a normativa Comunitaria.

Como **metodoloxía** a aplicar para o marco teórico baseareime en estudos do sector da enerxía e, en concreto, da enerxía eólica coa peculiaridade da modalidade *offshore*, os cales foron obtidos de diversos organismos de referencia no ámbito enerxético.

Respecto da **organización do traballo**, comezarei definindo o marco teórico.

Primeiro farei unha contextualización do sector enerxético que nos afecta, a distintas escalas, así como a zona xeográfica elixida para situar o parque.

Será importante a enumeración das principais leis do mercado eléctrico na Unión Europea e en España que fan deste un sector moi regulado.

A continuación, abordarei directamente a análise do proxecto: a súa definición, a estimación dos ingresos, o CAPEX, o capital e as estratexias financeiras. Partindo da definición das características básicas da contorna e das decisións adoptadas no marco das estratexias mencionadas, elaborárase o plan financeiro do parque e a proxección de fluxos de efectivo para un horizonte temporal de vinte e cinco anos (máis dous de desinvestimento).

Finalmente, tratarei as conclusións sobre a viabilidade económico-financeira do proxecto a partir da análise dos saldos acumulados do orzamento de capital para, a continuación, analizar a capacidade de creación de valor do proxecto para os accionistas en base á observación do Valor actual neto dos Fluxos de efectivo para o accionista e a TIR destes fluxos.



Figura 1: Un parque *offshore*. Fonte: AEE (2022)

## 2. Galicia e o panorama enerxético

### 2.1. Indicadores económicos e sociais de Galicia

Analizando o perfil socio-económico e o grao de I+D+i procedo a compoñer unha imaxe realista do lugar xeográfico onde acometeremos o investimento:

#### ***Perfil socio-económico***

Segundo cifras de Eurostat, en 2020 Galicia xerou 59,1 millóns de euros de produto interior bruto (PIB). O PIB per cápita situouse no mesmo ano en 21.903€. (Expansión, 2020).

O turismo experimenta un crecemento constante, debido a produtos culturais coma o Camiño de Santiago. Ata abril do 2022, o Camiño xa superou os 20.700 peregrinos, mellorando datos pre pandemia (Xunta, 2022) o que é un sinal da recuperación económica.

A I + D tamén está a gañar importancia e dinamismo mentres a moda convértese nun dos sectores máis importantes con crecente recoñecemento mundial. O sector metalúrxico, centrado nas industrias automotriz e naval, tamén é moi relevante. Por exemplo, o sector naval recupérase lentamente dunha profunda crise grazas á diversificación cara a outras áreas como o lecer e as actividades de pesca de altura.

O sector enerxético tamén é importante na rexión. Especialmente a eólica e a hidráulica supoñen máis dun 90% na estrutura de xeración eléctrica renovable na última década (INEGA, 2021).

#### ***Investigación, desenvolvemento e innovación***

Segundo as cifras de Eurostat, en 2017 o gasto en Investigación e Desenvolvemento (I + D) en Galicia sumou 572 millóns de euros, o que representou menos do 1% do seu produto interior bruto (PIB), concretamente o 0,94%. Isto está por baixo da media estatal que acadou o 1,21% e da media da UE do 2,08%. O sector privado fixo o maior esforzo contribuindo con máis da metade do investimento total en I + D (50,8%) (Comisión Europea, 2021).

Galicia ocupa a sétima posición no ranking estatal de investimentos en I + D. No 2018 había un total de 10.630 persoal e investigadores en I + D (Comisión Europea, 2021).

En 2019 había 33.500 traballadores empregados no sector da alta tecnoloxía, o 3,1% do total a nivel estatal (Eurostat, 2020). En canto ás patentes, Galicia presentou 80 solicitudes na Oficina Europea de Patentes (OEP) en 2019, o 4,2% das solicitudes españolas (Publications Office – EC, 2021).




Figura 2: Rexións europeas segundo o potencial innovador. Fonte: Publications Office – EC (2021).

### **Administracións**

É importante ter en conta que España é un estado descentralizado e, polo tanto, os gobernos rexionais e as súas axencias asignadas son os principais responsables da dirección do I+D+i.

No caso da Galicia, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), creada no 2012, é designada como o organismo responsable da dirección do I+D+i, segundo as directrices do Ministerio de Economía e Industria.

A Axencia encárgase da estrutura, planificación, coordinación, implementación e seguimento das accións relacionadas co desenvolvemento da investigación do Goberno de Galicia, así como da promoción e coordinación da investigación científica e técnica.

Existen organismos públicos de investigación que promoven a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en Galicia como o CESGA ou o CETGA e oficinas de promoción e coordinación como Fundación Calidade, BIC Galicia e IGAPE (Comisión Europea, 2021).

## 2.2. O entorno da enerxía no mundo

Para gañarmos algo de perspectiva, debemos facer mención á situación actual nos entornos europeo e mundial.

En maio do 2021, a Axencia Internacional da Enerxía (IEA) publicou o “Informe do cero neto para 2050”, onde expón que o sector eléctrico debe deixar de ser o maior sector emisor en 2020 e comezar a ser o primeiro sector en acadar o cero neto en todo o planeta para o 2040. Ao tempo, a electrificación xeralizada significa que o sector eléctrico medrará masivamente e isto favorecerá a eliminación das emisións de carbono noutros sectores (EMBER, 2022).

Os combustibles fósiles son limitados fronte ao carácter ilimitado das enerxías limpas e isto non podemos obvalo se temos en conta que a demanda mundial de enerxía non deixa de medrar.

A demanda de electricidade superou topes máximos en términos absolutos a niveis nunca antes rexistrados: 1.414 TWh de 2020 a 2021 (o que se asemella a engadir un país do tamaño da India á demanda de electricidade mundial). Cun 5,4%, o 2021 rexistrou o crecemento da demanda máis rápido dende o 2010 despois dunha pequena caída do 1 % no 2020 en plena pandemia da COVID (EMBER, 2022).




Figura 3: A demanda de electricidade recupera niveis anteriores á COVID mais dispárase en Asia. Fonte: EMBER (2022).

Como se aprecia na gráfica anterior, Asia encabeza o crecemento mentres a enerxía xerada con carbón aumentou un 9,0 % en 2021 a 10.042 TWh, máis ca o rebote da caída do 4,2 % no 2020 pandémico. Este foi o aumento porcentual máis alto rexistrado dende 1985. Sendo así, o carbón marca un novo récord na xeración da enerxía mundial e supera o récord anterior de 9.838 TWh. No 2018 esta fonte acadou o 36,5 % da electricidade mundial, comparado co 35,3 % en 2020. Isto tamén significa un novo récord nas emisións do sector enerxético de máis de 12 mil millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, superando o récord anterior do 3 % en 2018 (EMBER, 2022).

Polo tanto, se se quere acadar o obxectivo de reemplazo do uso dos combustibles fósiles no concerto da enerxía mundial neta cero e manter o quecemento global en non máis de 1,5°C as enerxías renovables deben centrar todos os esforzos para asegurar un futuro sostible.

Centrándonos na enerxía eólica, a produción desta a nivel mundial subeu un 14 % no 2021, pasando de 227 TWh a 1814 TWh. Sendo así a taxa de crecemento máis elevada en catro anos e o maior incremento en termos absolutos xamais rexistrado. É a fonte de electricidade de crecemento máis rápido despois da solar.



A longo prazo as expectativas son moi positivas posto que a enerxía eólica xerou o 6,6 % da electricidade mundial en 2021, en comparación co 3,5 % en 2015 cando se asinou o Acordo de París.

China foi líder no 2021 co 65 % do crecemento na xeración de enerxía eólica a nivel mundial. Cabe destacar que o grande desenvolvemento da eólica mariña a finais do 2021 garante a permanencia deste incremento nos próximos anos.

En Europa, Dinamarca foi a maior xeradora de enerxía eólica cun 48%, mentres que Reino Unido e Alemaña se mantiveron por riba do 20%. Aínda que a Unión Europea decaeu no 2020 neste senso pola baixa velocidade do vento, a taxa de instalacións eólicas foi récord (EMBER, 2022).



Figura 4: Que se debe hacer para chegar a 1,5°C ?. Fonte: EMBER (2022).

Vemos na anterior imaxe que a xeración eólica e solar deben aumentar de xeito considerable ata acadar os  $\frac{3}{4}$  do aumento da electricidade limpa ata o 2030. A clave disto vai ser a rapidez coa que se implante este novo modelo de produción nun contexto actual que está composto do seguinte xeito:




Figura 5: Xeración de electricidade a nivel mundial. Fonte: EMBER (2022).

Sendo así, tanto o contexto europeo como español, son favorecedores a Galicia na explotación eólica:




Figura 6: Participación da enerxía eólica na matriz enerxética, Fonte: EMBER (2022).

## 2.3. A enerxía eólica mariña en Europa e España

A estratexia da UE ao respecto das enerxías renovables podemos encadrala na Estratexia Europea sobre as Enerxías Renovables Mariñas do 2020, na cal se crean os fundamentos legais axeitados e datas de consecución de fitos co horizonte 2050.

Paralelamente, España desenvólvese no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030.

Na seguinte figura pode verse a comparativa entre as ambicións de España e a UE no senso do aumento da explotación da eólica mariña no horizonte 2030-50:




Figura 7: As ambicións de España e da UE no horizonte. Fonte: Castro e Filgueira (2022)

O maior peso da eólica terrestre en comparación coa mariña contrasta coa propia natureza do noso planeta e é que contamos un 70% de superficie mariña en contraposición co 30% de terra firme:



Figura 8: A superficie terrestre vs a superficie mariña. Fonte: Castro e Filgueira (2022)

Así mesmo, e de xeito comparativo, vemos que o potencial da eólica mariña é enorme:




Figura 9: Enerxías renovables mariñas vs Enerxías renovables en terra firme no mundo. Fonte: Castro e Filgueira (2022) – adaptación propia.

Se temos en conta os parques eólicos mariños instalados anualmente por capacidade acumulada (GW) en Europa temos:

Cumulative and annual offshore wind installations 2010-2020



Figura 10: Parques eólicos mariños instalados anualmente por capacidade acumulada (GW) en Europa. Fonte: Windeurope (2021).

España apenas se diferencia posto que a presenza deste tipo de parques é testemuñal, de feito soamente contamos cunha unidade de aeroxerador mariño instalado no porto

de Arinaga-Agüimes nas Illas Canarias (EFE, 2019). Conxuntamente a tendencia é claramente á alza, con maior protagonismo do Reino Unido, Alemaña e os Países Baixos nos últimos anos.




Figura 11: Parques eólicos mariños instalados en Europa, Fonte: Windeurope (2021).

Nesta última figura vemos que o aproveitamento deste tipo de enerxía no ámbito mariño é case nulo na Península Ibérica, o que nos leva a concluir, novamente, que o potencial é visible e é un deber aproveitalo.

## 2.4. A posición de vantaxe xeográfica de Galicia

A enerxía eólica, con **27.446 MW de potencia acumulada**, é a segunda fonte de xeración eléctrica na España peninsular no 2020. España é o quinto país do mundo por potencia eólica instalada despois da China, dos Estados Unidos, Alemaña e a India.




Figura 12: Evolución anual e acumulada da potencia instalada en España. Fonte: AEE (2022).

Galicia, pola súa privilexiada situación xeográfica e riqueza no recurso do vento, conta con moitas instalacións eólicas como podemos ver no seguinte mapa:



Figura 13: Os parques eólicos en Galicia. Fonte: AEE (2022).

E así o apoia a seguinte gráfica onde Galicia se sitúa cuarta no ranking nacional por CCAA de potencia instalada en MW no 2021:




Figura 14: Ranking de potencia instalada en España. Fonte: Statista (2022).

### 2.4.1. O caso *offshore* en Galicia

No presente proxecto imos falar da instalación dun tipo específico de muíños que teñen a peculiaridade de seren instalados preto da plataforma continental, de xeito que o aproveitamento da enerxía eólica é máximo ao evitárense os obstáculos aos que se enfrenta o vento terra adentro.



Figura 15: Un parque offshore flotante. Fonte: Windeurope (2022).

Neste punto, cabe sinalar unha iniciativa da nosa Universidade, da man dos científicos da Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña, adscritos aos departamentos de Enxeñaría Naval e Industrial, Química e Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña, recollida en varias notas de prensa (Gcdiario, 2020).

Están a traballar nunha metodoloxía que permita determinar as zonas máis axeitadas para a instalación dun parque eólico *offshore*, algo crítico para a súa viabilidade económica, e que garanta que non haxa un impacto ambiental negativo.

En concreto, a ferramenta baséase en dous puntos:

- 1- As **restricións xerais**: batimetría, caladoiros, fallas sísmicas, áreas mariñas protexidas, corredores de navegación e as condicións dos fondos mariños. Deste xeito, mapéanse as áreas restrinxidas e sen restricións.
- 2- As **restricións relacionadas cos portos e estaleiros**: indica cales son as instalacións terrestres que ofrecerían o mellor servizo –xa sexa por capacidade ou pola localización– para a construción, transferencia, instalación e mantemento do parque eólico mariño.

No último paso, únense todas as restricións calculadas e introdúcense os índices económicos seleccionados (taxa de retorno interna, custo nivelizado da enerxía, valor actual neto, período de amortización descontado ou outro), dando lugar aos mapas económicos, co recomendado e restrinxido para a instalación de muíños.

Aplicando todas as restricións, os mapas resultantes mostran que a franxa sen restricións máis grande está na parte noroeste, fronte ás cidades de Ferrol e A Coruña. Tamén hai zonas importantes fóra da Costa da Morte e da ría de Muros e Noia, e entre a ría de Vigo e a fronteira con Portugal. Amósase unha franxa máis estreita entre as rías de Pontevedra e Arousa, ademais de pequenas áreas na zona da Mariña lucense. As zonas restrinxidas ocupan grande parte do litoral galego e grandes masas de auga no litoral noroeste (Gcdiario, 2020).






Figura 16: Áreas restrinxidas vs áreas non restrinxidas. Fonte: Castro e Filgueira (2022).

Nesta figura podemos ver as áreas sen restricións nas que podemos basear o noso estudo. Escolleremos preferentemente a zona norte máis próxima á cidade da Coruña.

## 2.5. Marco normativo da enerxía eólica en Galicia e en España

O sector eólico é un sector, como o da enerxía en xeral, moi regulado, polo que o marco legal é esencial para a súa evolución.

Sen afondar na lexislación específica podemos dar unha visión do marco normativo no ámbito de España e da Unión Europea no tocante á enerxía eólica mariña.

### 2.5.1. Contexto europeo

Desde as Institucións europeas contéplase, xa dende o 2012, a **Estratexia de Crecemento Azul**, que reconece a relevancia das actividades económicas que se desenvolven no mar así como a importancia das mesmas no futuro a medio e longo prazo. A denominada “Enerxía Azul” vese como un pilar básico que garante o crecemento sostible, destacando que, cara o 2030 a enerxía eólica mariña podería suministrar ata un 14% da demanda eléctrica na UE (MITECO, 2021).

O **Pacto Verde Europeo** contempla que “a economía azul sostible terá que desempeñar un papel crucial” para conseguir unha economía competitiva e climáticamente neutra no

2050 e prevé que se desenvolvan medidas que permitan “xestionar de xeito máis sostible o espazo mariño, especialmente para facilitar o acceso ao crecente potencial das enerxías renovables mariñas” e, neste senso, en novembro do 2020, a Comisión Europea adoptou a **Estratexia UE sobre as Enerxías Renovables Mariñas** que establece como obxectivo “aumentar a capacidade de produción da enerxía eólica mariña na UE desde o nivel actual de 12 GW a 60 GW en 2030 e 300 GW para o 2050” (MITECO, 2021). Sen esquecermos os compromisos do Acordo de París do 2015 así como as conclusión derivadas da COP26 de Glasgow a finais do 2021 que buscan concretar compromisos de financiamento para o primeiro.

Aliñadas con estes pactos temos regulamentos que buscan a obtención dun marco xurídico claro (MITECO, 2021):

- **O Regulamento (UE) nº 347/2013** relativo ás infraestruturas enerxéticas transeuropeas (Regulamento RTE-E) busca a planificación da rede mariña a longo prazo.
- A **Directiva 2018/2001/UE** do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro do 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables: establece o marco común para o aumento do consumo da enerxía renovable, contemplando un marco normativo facilitador máis unha serie de boas prácticas que deberán despregar os Estados Membros para a evolución do sector.
- A **Directiva 2014/89/UE** do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo do 2014, pola que se establece un marco para a ordenación do espazo mariño, na busca do crecemento sostible das economías mariñas, o desenvolvemento sostenible dos espazos mariños e o aproveitamento sostible dos recursos mariños, entre os que se atopan a Eólica Mariña máis as Enerxías do Mar, buscando a protección dos valores ambientais. Co roteiro para o desenvolvemento da Eólica Mariña e das Enerxías do Mar forma parte da Axenda 2030 e encádrase no obxectivo 7 ODS de garantir un acceso á enerxía asequible, segura, sostible e moderna.
- O **Plan Estratégico Europeo en Tecnoloxías Enerxéticas** (SET Plan), co obxectivo de consolidar o liderazgo da UE na enerxía eólica mariña.

## 2.5.2. Contexto español

En España, o **Marco Estratéxico de Enerxía e Clima** dispón de varios puntos legislativos que buscan fixar o esqueleto que conformará o camiño cara a neutralidade climática. Este Marco fórmano varios documentos:

- O **Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030**: busca o aumento do peso das renovables ata o 42% sobre o consumo da enerxía final, con énfase no incremento dos GW de potencia eólica.
- A **Estratexia de Descarbonización a Longo Prazo 2050**: cara a neutralidade climática antes de mediados de século, reducindo gases efecto invernadoiro a menos do 90% e dando pulo á Enerxía Eólica Mariña e as Enerxías do Mar sobre as renovables terrestres.
- A **Lei 7/2021, de 20 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética**: o marco institucional que dá estabilidade á penetración das renovables.
- A **Estratexia de Transición Xusta**: co obxectivo de acadar a transición ecolóxica de xeito satisfactorio e buscar o aproveitamento de novas oportunidades que xorden con esta Transición.
- A **Estratexia Pobreza Enerxética 2019-2024**: con medidas como bonos sociais enerxéticos de xeito que se diminúa o impacto da Transición enerxética.
- O **Real Decreto 363/2017 de 8 de abril**, que establece un marco para a ordenación do espazo mariño, traspoñendo a **Directiva 2014/89/UE** á normativa nacional para compatibilizar as actividades no espazo mariño cos valores ambientais e contemplando a elaboración de cinco **Plans de Ordenación do Espazo Mariño (POEM)**, un para cada unha das cinco demarcacións mariñas:



Figura 17: Demarcacións mariñas en España. Fonte: MITECO (2021).

- Para o desenvolvemento da Eólica Mariña e das Enerxías do Mar temos a **Reforma C7R4 do Compoñente 7 “Despregamento e integración de enerxías renovables” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia** correspondente ao Ministerio para la Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Busca o establecemento dun marco estratéxico que permita o desenvolvemento tecnolóxico e das enerxías renovables, con medidas que permitan o aproveitamento das oportunidades industriais, sociais, ambientais e económicas que permita avanzar cara o 100% de renovables da demanda enerxética (MITECO, 2021).

### 2.5.3. Procedemento administrativo vixente na actualidade

En España o pilar normativo fundamental é a **Lei do Sector Eléctrico de 1997** e o resto de normativa que a desenvolve (AEE, 2022).

O marco legal referente aos trámites necesarios para a instalación de parques eólicos mariños e enerxías do mar é o **Real Decreto 1028/2007**, de 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial.

Debemos ter en conta que, en función de se o parque conta con torres fixas ou non, terán que se contemplar factores como a profundidade da plataforma mariña que, como veremos, é moi abrupta no caso galego. Así mesmo, debemos destacar o Estudo Estratéxico Ambiental do Litoral Español (EEALE), que clasifica en zonas aptas e zonas de exclusión por parte dos promotores de parques eólicos mariños de máis de 50 MW.

A solicitude de reserva de zona dá inicio ao procedemento de caracterización da área eólica mariña afectada. Esta caracterización recopila nun mesmo documento a totalidade dos informes emitidos, así como a propia estimación da xeración máxima evacuable ás redes eléctricas de transporte máis a incidencia do proxecto eólico mariño sobre os elementos da súa contorna. A partires da publicación no BOE da caracterización da área ábrese o procedemento de concorrencia no que as partes interesadas presentan garantías e unha oferta de prima que resolve un Comité de Valoración *ex profeso*.

A resolución do procedemento de concurrencia dá dereito de acceso á rede de transporte pola potencia asignada na resolución máis a reserva de zona que, previa obtención do título de ocupación del dominio público marítimo-terrestre, faculta ao adxudicatario proceder, con exclusividade, ás operacións de investigación do recurso eólico nesa zona durante dous anos prorrogables e, finalmente, á construción e explotación da instalación unha vez conseguidas todas as autorizacións pertinentes (MITECO, 2021).




Figura 18: Procedemento Ordinario vixente de Tramitación de Instalacións renovables mariñas de potencia superior a 50MW. Fonte: MITECO (2021).

### 3. O *Project finance*

Á hora de abordar o proxecto do parque eólico offshore, vou facer uso do *Project finance*.

O *Project finance*, tal e como recolle o ICEX (2002), ten unha serie de características que o diferencian doutros xeitos de financiamento. Estas son:

- 1- a certeza dos fluxos de Caixa
- 2- a solvencia do proxecto
- 3- a internacionalidade
- 4- a forte estruturación
- 5- un grande volume
- 6- marxes baixos
- 7- e madurez

mais o que verdadeiramente identifica estas operacións é conseguir que sexa o propio proxecto o que responda do repago da débeda, sendo a principal garantía do financiamento a xeración de caixa do proxecto.

Isto fai que sexa a forma de financiamento máis axeitada para actividades pertencentes a sectores regulados que permitan garantir a estabilidade do negocio, xa que a estrutura financeira estará baseada en grande medida nas proxeccións futuras dos estados financeiros durante longos periodos (García, López e Avilés, 2008).

Polo tanto é o método máis axeitado para o proxecto eólico *offshore* que nos ocupa: un grande investimento con grandes volumes de recursos financeiros que non poden ser asumidos na súa totalidade polos promotores.

Cabe destacar tamén que, ao constituirmos unha sociedade que desenvolva o proxecto, xurídicamente illaremos a actividade económica para facilitarmos o financiamento e a asunción de riscos e beneficios.

### 3.1. A viabilidade do *Project finance*

Tomaremos como referencia para todo o punto as indicacións expresas de García, López e Avilés (2008) a cada paso.

Para o inicio do proxecto debemos definir os axentes que toman parte:

- **PROMOTORES/ACCIONISTAS:** partimos da creación dunha Sociedade Vehículo do Proxecto, constituída por capital privado enteiramente.
- **INSTITUCIÓN FINANCEIRAS:** no presente caso procederemos á búsqueda de financiamento mediante programas específicos da UE (canalizados por entidades financeiras).
- **OPERADORES:** o proxecto desenvolverase desde a SVP “Proxecto Eólico Noroeste, SA” composta por catro sociedades accionistas a un 25% de participación cada unha.

-Sociedade constituída cun capital social de 59,4M€ que son desembolsados para o inicio da constitución do Proxecto (*Ver Táboa 10*).

- **ASEGURADORES DE RISCO:** contaremos coa aseguradora GENERALI, que conta cun programa de seguros exclusivos para proxectos de grande dimensión no ámbito das renovables (Generali, 2022).
- **ASESORES EXTERNOS:** contaremos coa colaboración de CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, SL en todo o procedemento de constitución e rexistro da SVP, así como no asesoramento en materia de compliance penal en toda a dimensión técnica, financeira e laboral do proxecto (Casares, 2022).

Todos estes axentes xirarán ao redor de “Proxecto Eólico Noroeste, SA” como *Sociedade Vehículo do Proxecto*, cuxa actividade se desenvolve con contratos con terceiros e sobre a que recaen as aportacións de capital dos accionistas promotores e os fondos obtidos a través da entidade financeira (*InvestEU – Ver Punto 5.4*).

A **análise dos riscos** é clave mais, ao deseñarmos a estrutura financeira, debemos revisar a viabilidade económica do proxecto. Para traballar o tema da viabilidade debemos ter en conta a información histórica e comparativa das variables do negocio seguindo os seguintes pasos:

- 1- Identificación dos parámetros básicos.
- 2- Búsqueda de datos históricos e comparativos.
- 3- Compilación e comprobación.

Neste punto é de vital importancia a procedencia e fiabilidade da información e tamaño da serie. No noso caso a nosa variable básica serán as horas anuais de vento efectivo polo que é preciso ter feitas medicións de vento na zona xeográfica do proxecto que aporten información cunha antigüidade de mínimo dous anos e certificado por auditores de vento con experiencia acreditada (Ver Figura 22).

Para identificarmos os parámetros básicos seguiremos este esquema:




Figura 19: Esquema dos parámetros básicos do Project Finance. Fonte: García, López e Avilés (2008)

Partindo dos datos históricos, combinados coas variables económicas básicas do negocio, obteremos o modelo económico do proxecto, o noso “Caso base”.






Figura 20: Esquema do modelo económico do Project Finance. Fonte: García, López e Avilés (2008)

Ao desenvolvermos o “Caso base” obtemos a **conta de resultados**, o **balance de situación** e o **estado de fluxos de caixa do proxecto**, coa finalidade de obtermos a rendibilidade do mesmo, así como a propia viabilidade.

### 3.2. Etapas do *Project finance*.




Figura 21: Etapas do Project Finance típico. Fonte: García, López e Avilés (2008)

Nun primeiro momento, no informe dos promotores, tentaremos facer atractivo o proxecto para conseguir as primeiras ofertas de financiamento do proxecto. A información inicial que proporcionaremos ás entidades financeiras para a obtención de financiamento europeo (*ver punto 5.4. O financiamento*) será:

1- A descripción xeral do proxecto

**PARQUE ÉOLICO OFFSHORE GALICIA NOROESTE xestionado pola SVP**  
**“Proxecto Eólico Noroeste, SA”**

- Potencia de cada turbina/aeroxerador: 12 MW
- Número aeroxeradores flotantes: 12
- Producción anual bruta total do parque: 698.400 MWh/ano
- Eficiencia: 96% (contamos un 4% de perdas)
- Producción anual neta total do parque: 670.464 MWh/ano
- Producción anual facturada: 670.464 MWh/ano
- Potencia total instalada: 144 MW
- Horas de vento equivalente: +-9m/s na zona escollida (*ver Figura 22*)

2- Calidade dos promotores

3- Situación do sector e perspectivas

4- Esquema contractual do proxecto

5- Situación administrativa

6- Detalle da operación financeira prevista

Ao definirmos a estrutura de financiamento do proxecto, buscamos a optimización da rendibilidade para os inversores e que sexa ao mesmo tempo asumible en termos de risco para as entidades das que obteremos a financiación.

A estrutura financeira deberá ter os seguintes parámetros:

a. A proporción das fontes de financiamento.

Constituirase cuns Fondos Propios equivalentes a un 30% sobre o total do investimento inicial como é habitual en proxectos similares (Esty, 2002).

-Inmovilizado material: aprox 188 millóns de euros (*Ver Táboa 10*)

-Préstamo principal: aprox 138 millóns de euros

- b. A estrutura da débeda: financiamento avalado polo programa *InvestEU* (*ver táboa 20*)
- c. O modelo de proxeccións financeiras do Caso Base

Constituiremos unha proxección a 25 anos vista (onde nos centraremos), tendo en conta un periodo de dous anos (20x26 e 20x27) para o desmantelamento de todo o parque.

- d. Garantías do proxecto e dos accionistas

-Garantía tecnolóxica: recopilaremos todos os soportes documentais necesarios para optar ao programa *InvestEU* elaborados por técnicos independentes referentes ao deseño da planta, análise de vento e tecnoloxía dos propios aeroxeradores.

-Construción: os accionistas garantizan á entidade bancaria (canalizadora dos fondos) mancomunadamente os riscos de sobrecoste e/ou demoras na construción.

-Seguros: contrataranse todos os esixidos pola entidade bancaria e as Administracións.

-Limitación de dividendo: para que se podan repartir dividendos non se pode ter incumprida ningunha obriga de ningún contrato relacionado co investimento.

### 3.3. Deseño da estrutura do *Project finance*

A estrutura financeira dun proxecto parte duns parámetros xeralmente comúns (García, López e Avilés, 2008):

- Elevado investimento inicial que logo producirá un fluxo de caixa estable e duradeiro.
- Apancamento elevado e sen recurso, ou con recurso limitado aos promotores.
- Riscos económico-financeiros compartidos polos participantes.

- Endebedamento máximo determinado polo nivel de risco que está disposto a asumirse mediante as condición do programa *InvestEU*.

Para o deseño da estrutura financeira teranse en conta as magnitudes:

- Aportación de fondos propios ao proxecto.
- Ratio de cobertura ao servizo da débeda.
- Prazo de amortización e vida media da débeda.

No noso caso, dividirei o proxecto en **tres grandes modelos ou bloques**:

- 1- Modelo I: INVESTIMENTO E EXPLOTACIÓN**
- 2- Modelo II: FINANCIAMENTO E PROXECCIÓN DOS ESTADOS FINANCEIROS**
- 3- Modelo III: VIABILIDADE, EFECTUABILIDADE E RISCO.**

De xeito que a información do traballo quede recollida ordenadamente para a súa análise.

### 3.4. Peche financeiro do *Project finance*

Unha vez acordada a estrutura financeira do proxecto entre a sociedade promotora máis a entidade financeira, ata que non se peche a operación haberá que aportar (García, López e Avilés, 2008):

- Informes técnicos.
- Informes medioambientais.
- Informes legais (compliance penal).
- Informes de seguros.
- Outros informes de riscos potenciais e plans de continxencia para contelos.

Deste xeito, outorgamos a maior seguridade xurídica posible ao proxecto desde o punto de vista financeiro durante a construción do proxecto. Unha vez temos os elementos para a execución e explotación do mesmo, chegaremos a un acordo coa entidade financeira para acometer os primeiros investimentos.

### 3.5. Análise de sensibilidade e seguemento do *Project finance*

Unha vez acadados os puntos anteriores, o comezo da actividade é o punto máis sensible ante o que nos imos atopar xa que aquí veremos a capacidade real e/ou potencial do proxecto partindo sempre sobre o noso *Caso base* de inicio. Disto dependerá que se recuperen fondos suficientes para amortizar a débeda adquirida coa entidade financeira ademáis da obtención dos rendementos agardados para o investimento (García, López e Avilés, 2008).

## 4. Modelo I: Investimento e explotación

### 4.1. Supostos de partida: a localización

A estruturación do proxecto fareina en dúas etapas de vital importancia no acometemento deste investimento.

- 1- Nun primeiro momento aclararemos a **situación**, tendo en conta a ferramenta de estudo estratéxico comentado anteriormente na que están a traballar as profesoras Castro e Filgueira (2022). Isto é: seguindo criterios económicos (a maior recurso do vento maior produción de enerxía, vemos que é unha zona moi propicia) e legais (obviando as zonas vermellas do segundo mapa, novamente é unha zona axeitada):




Figura 22: A potencia do vento na área escollida. Fonte: Globalwindatlas (2022)




Figura 23: Áreas eólicas mariñas en España. Fonte: MAPA (2021)

- 2- Asemade, teremos en conta factores como a **profundidade** (sen esquecermos que a plataforma continental galega é moi curta) e a **proximidade a portos** como o Exterior da Coruña ou o de Ferrol (con experiencia na fabricación das ancoraxes de muíños mariños):



Figura 24: Traslado de plataforma desde Ferrol a Viana do Castelo. Fonte: ABC (2020)

Concluimos, polo tanto, que a zona escollida será:




Figura 25: A localización escollida. Fonte: Elaboración propia con mapa de Castro e Filgueira (2022)

Nas coordenadas aproximadas:




Figura 26: A localización escollida, II. Fonte: Coordenadas GPS (2022)

## 4.2. Supostos de partida: a tecnoloxía escollida

A tecnoloxía utilizada na explotación da enerxía eólica no caso *offshore* ten evolucionado nas últimas dúas décadas de xeito exponencial, sobre todo polo impulso das empresas especializadas do norte de Europa, especialmente en Alemaña, Escocia e Dinamarca.

De xeito moi xeralizado, os compoñentes das dúas variantes dos muíños mariños son:

- 1- O **aeroxerador**: onde se sitúan o rotor máis as pas (de entre 40-60m na modalidade *offshore*).
- 2- A **plataforma**.
- 3- O **sistema eléctrico**.
- 4- O **amarre** (nos sistemas flotantes).
- 5- A **ancoraxe**: das partes máis importantes na instalación do parque xa que unen o muíño á subestación eléctrica asociada.




Figura 27: O sistema fixo vs o sistema flotante. Fonte: Castro e Filgueira (2022)



No noso caso optamos polo sistema flotante xa que é o que máis se adapta á orografía mariña da área finalmente escollida.

### 4.3. Supostos de partida: os investimentos iniciais

Os nosos supostos de partida respecto dos investimentos imos dividilos en:

#### 1- Investimento inicial: mobiliario máis equipos informáticos.

Mobiliario	Unidades	Coste ud.	Coste total
Mesas de escritorio	5	330,00 €	1.650,00 €
Cadeiras de escritorio ergonómicas	5	210,00 €	1.050,00 €
Mesa sala de xuntas	1	710,00 €	710,00 €
Cadeiras auxiliares	5	145,00 €	725,00 €
Lámpadas de oficina	7	35,00 €	245,00 €
Mobles auxiliares + OUTROS	20	38,00 €	760,00 €
Armarios arquivadores	10	290,00 €	2.900,00 €
Cafeteira	1	215,00 €	215,00 €
Alfombras antideslizantes	5	85,00 €	425,00 €
Packs de material de oficina (bolígrafos, cadernos...)	100	32,00 €	3.200,00 €
<b>Total</b>	<b>159</b>	<b>-</b>	<b>11.880,00 €</b>

Táboa 1: O investimento inicial: mobiliario. Fonte: RMO.ES (2022) e elaboración propia.

Equipos informáticos	Unidades	Coste ud.	Coste total
Ordenadores	5	410,00 €	2.050,00 €
Pantallas HD	5	115,00 €	575,00 €
Ratos inalámbricos	5	16,00 €	80,00 €
